

Resolución da Comisión I do proceso selectivo para a provisión de postos vacantes no cadro de persoal da sociedade mercantil pública autonómica EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA), convocado por Acordo do 27 de setembro de 2023.

ASUNTO: Acordo polo que se da resposta ás alegacións presentadas aos resultados da proba de coñecemento e se abre o prazo para a presentación das acreditacións dos méritos e do coñecemento do idioma galego, Técnico Superior (15-TS-AF-LD).

1. Transcorrido o prazo de presentación de alegacións a puntuación da proba de coñecementos publicada o 6 de xuño de 2024, non se recibiu ningunha alegación.
2. Non existindo alegacións neste período de emenda, a Comisión da por definitivas as puntuacións da proba de coñecemento publicadas na resolución de 6 de xuño de 2024, **excluindo** do proceso todas aquelas persoas que non superasen ou non se presentase á proba de coñecementos, tal e como se reflicte na propia resolución.
3. Conforme ao establecido nas bases que rexen o proceso selectivo no seu apartado VIII.2. Valoración de mérito, ábrese un prazo de dez (10) días naturais para que as persoas candidatas presenten a documentación acreditativa dos méritos avaliábeis, de acordo aos modelos e mecanismos de acreditación do anexo III.
4. Do mesmo xeito neste prazo as persoas aspirantes deberán acreditar o coñecemento do idioma galego regulado no apartado VIII.3.3 das bases que rexen o





proceso, sendo necesario estar en posesión do CELGA establecido no Anexo I, ou os estudos equivalentes debidamente homologados de acordo coa disposición adional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo) modificado pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro

Técnico Superior (15-TS-AF-LD).....CELGA 4

Aqueles candidatos que non dispoñan da acreditación do coñecemento do idioma galego conforme ao establecido nos parágrafos anteriores, deberán someterse a unha proba obrigatoria e eliminatoria, conforme ao regulado no apartado VIII.3 das bases que rexen o proceso.

5. A documentación presentada nesta fase deberá achegarse conforme ao establecido nos apartados V.2. e V.3 das bases que rexen o proceso de selección.

- Documentación orixinal ou fotocopia debidamente autenticada que acredite os méritos alegados, na experiencia laboral (Vida laboral, contratos de traballo e certificacións), segundo ANEXO III. A omisión da documentación acreditativa de calquera mérito excluírá o mesmo da súa correspondente avaliación.
- Documentación acreditativa de títulos, diplomas e certificacións que poidan ser obxecto de valoración na formación, segundo o ANEXO III.
- Copia autenticada do título do CELGA correspondente, ou do título equivalente debidamente homologado.
- Relación dos documentos presentados.





Non se admitirán copias simples para xustificar o cumprimento de requisitos ou acreditar méritos, nin documentos dixitais que carezan do código de verificación seguro.

Asinado dixitalmente

Presidenta da Comisión I: Marta Pardo Manzanares

Secretaria da Comisión I: María Teresa Delgado Calvo

